

LAIOVENTO EDITARÁ A OBRA SOBRE O POETA DAS LETRAS GALEGAS E GALAXIA A BIOGRAFÍA DA AUTORA VIGUESA

Mercedes Queixas retratará as vidas de Pereiro e Kruckenberg

A escritora publicará nas próximas semanas senllas obras divulgativas sobre dous poetas ben diferentes

ALBERTO RAMOS

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

A escritora Mercedes Queixas anda a ultimar dúas obras divulgativas sobre a vida e a traxectoria literaria de dous poetas moi diferentes: Lois Pereiro e María do Carme Kruckenberg. O libro sobre o autor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas sairá publicado na editorial Laiovento a finais deste mes. Galaxia, pola súa banda, será a encargada de editar a biografía de Kruckenberg que prepara Mercedes Queixas.

O libro sobre o poeta monfortino titularase *Lois Pereiro. A urxencia poética dun futuro alleo*, e nel, Queixas percorrerá a traxectoria do escritor. “Esta obra nace con vontade de ser unha biografía divulgativa, polo tanto aberta e accesible para todos cuxa lectura permita tirar unha imaxe global de Lois”, sinala Queixas. Nese sentido, sobre a “imaxe global” do poeta, a autora busca exercer o papel de retratista dun home con moitas dimensións literarias. “O perfil de Pereiro é o dunha persoa culta, pluralmente formada nas correntes vangardistas e artísticas da altura, que detectaba con grande habilidade, con influencias centroeuropeas que complementan a súa propia voz lírica, plurilingüe, que coloca o galego e a centralidade galega no mundo global das ideas e da literatura”, conclúe a escritora.

O libro inclúe unha ampla reportaxe fotográfica sobre Lois Pereiro e unha escolma que, a forma de apéndice, achega unha visión global do escritor. “Pereiro era rompedor e fresco, rompía co seu pensamento. Escollín unha escolma que amosase trazos da súa concepción poética. No apéndice hai poemas dos dous poemarios que publicou [*Poesía 1981-1991* e *Poesía última de amor e enfermidade*], pero tamén fragmentos de *Modesta proposición*”, explica.

Deste xeito, Queixas ofrece nese apéndice pinceladas sobre a obra literaria de Pereiro como poeta, pero tamén como prosista. “Lois



Mercedes Queixas publicará os seus libros nas próximas semanas

EDUARDO CASTRO BAL/AELG

“Lois Pereiro e toda a súa poesía son pura actualidade”, opina a escritora

e a súa poesía son actualidade pura; como prosista era incipiente e demostrou que era bo como narrador”, conclúe.

AS AVENTURAS DENDE VIGO

Por outra banda, Galaxia está a piques de levar ás librarías a biografía que Queixas escribiu da poeta María do Carme Kruckenberg. Titularase *Vivir unha aventura irrepitible* e ten a súa orixe en dous anos de conversas entre as dúas escritoras. “O título vén dun verso de María do Carme e, realmente, este traballo biográfico foi unha aventura irre-

“María do Carme Kruckenberg foi unha pioneira que viviu como quixo vivir”

petible. É difícil atopar unha persoa como Kruckenberg, unha muller que foi pioneira e que viviu a cortafío do seu momento”, explica. Ademais das conversas, Queixas recorreu a unha ampla documentación que conserva a escritora viguesa e a outro material alleo para poder contar a “aventura irrepitible” de María do Carme Kruckenberg.

O libro, ademais, tamén ten un obxectivo de poñer en valor a figura de Kruckenberg. “Penso que é unha muller que, a pesar de estar agora recibindo moitos recoñecementos, non sempre foi xustamente valorada”,

A obra sobre Pereiro chámase ‘Lois Pereiro. A urxencia poética dun futuro alleo’

explica Queixas. Nese senso, a autora da biografía reivindica a forma de vivir de María do Carme, lonxe dos pensamentos sociais da súa época. “Foi unha muller pioneira, que viviu sempre como quixo vivir, sen os prexuízos sociais que predominaban na súa época e no seu estrato social, ao que pertencía por formar parte dunha familia acomodada de Vigo”, conclúe Queixas. ■

www.xornal.com

Opina sobre as novas publicacións de Mercedes Queixas na nosa web

Un milleiro de persoas pasaron polos concertos de Arte + Parte na Coruña

REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

Unhas mil persoas, segundo a organización, pasaron o sábado polo recinto feiral de ExpoCoruña para participar nos concertos do Festival Mulleres Arte + Parte, que organiza a Concellaría de Igualdade e Participación Cidadá da Coruña. Nun comunicado enviado onte aos medios, informan tamén de que centos de persoas participaron nas actividades programadas, entre elas un acto institucional con motivo do Día Internacional da Muller ao que acudiron o alcalde, Javier Losada; o primeiro tenente de alcalde, Henrique Tello; e a edil de Igualdade, Margarita Vázquez.

No transcurso do acto institucional fíxose entrega dos premios Iguais de publicidade antixesta, do que permaneceron expostos durante toda a xornada os 60 traballos finalistas. O primeiro premio, dotado con 5.000 euros, foille entregado polo alcalde a Noemí Cubillo Rico por “Non é unha muller”. O primeiro accésit, de 2.500 euros, recaeu en Roberto Cores Ferreira por “Mente”, e o segundo, da mesma contía, en “Fíxate”, de Celestino Barreiro e Rafael Rumbo.

As mulleres foron o eixo condutor de toda a xornada, comezando polas primeiras en actuar, Mercè Solé e Raquel Oitavén, integrantes do dúo Duelirium de equilibrio. Ás 19.15 horas comezou unha mesa redonda coas artistas participantes na exposición *En feminino*, comisariada por Rebeca Ponte con obras de Belén Cossío, Mónica Pan, Lara Pintos, Noelia Buján e Yolanda Dorda, ademais dela mesma.

OJOS DE BRUJO

O prato forte foron as actuacións ao vivo de Duplo Son, Chotokoeu e Ojos de Brujo, que está a realizar a súa xira de despedida dende o pasado mes de xaneiro. O festival Arte + Parte, dedicado a reivindicar o papel das mulleres nas distintas disciplinas artísticas, contaba coa colaboración de Gadisa, Begano e Estrella Galicia, así como o Centro Comercial Los Rosales e o Consorcio de Turismo da Coruña. ■